



*Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
Delegación FERROL-TRASANCOS
Apartado de Correos 481
Ferrol*

AUGAS DE GALICIA

ASUNTO: VERTIDOS Á RÍA DE FERROL DE REGANOSA

Ferrol 13 de outubro do 2009

Humberto Fidalgo Couce con DNI.XXXXXXXXX-X actuando en representación de ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza) e con domicilio a efectos de notificación no apartado de correos 481 de Ferrol,

EXPÓN:

Con data 29 de abril do 2009 remitiunos Augas de Galicia as análisis dos vertidos de augas residuais realizados por Reganosa á Ría de Ferrol correspondentes ó período Novembro 2007- Xaneiro 2009.

Da lectura de estos datos dedúcese que Reganosa incumple a Resolución de Augas de Galicia do 13 de Decembro do 2005 que a autorizaba para realizar os vertidos a Ría de Ferrol sempre baixo certos condicionantes.

1.Reganosa oculta os datos da medición en CONTINUO das cantidades de cloro vertidas a Ría de Ferrol ó que está obrigado pola citada resolución.

Reganosa presenta un valor PROMEDIO de cloro total que no ten correlación algunha cos valores límites autorizados por Augas de Galicia (Cloro libre residual: 0'1mg/l, medición en continuo)

2.REGANOSA oculta os datos do enfriamento da auga que verte ó mar procedente do sistema refrixeración.

Reganosa aporta un valor promedio da temperatura da auga a entrada e outro valor promedio da temperatura da auga á saída do sistema de refrixeración de forma que imposibilita coñecer o enfriamento real da auga en cada momento da operación e que ten limitada a 6°C por Resolución de Augas de Galicia.

3. Os valores de Temperatura e Cloro son aportados por Reganosa sin que exista o mais mínimo control por entidade u organismo autorizado como esixe a resolución de Augas de Galicia.

A medición en continuo do Cloro residual e o enfriamento da auga vertida son fundamentais para poder avaliar o dano medioambiental que está a producir Reganosa na Ría de Ferrol. Téñase en conta que Reganosa leva vertidos en estos dous anos 95 millóns de m³

4. REGANOSA non presentou ningún estudo de control dos sedimentos e organismos do fondo do mar que ten a obriga de realizar semestralmente.

Por todo o exposto.

1. Reiteramos a nosa solicitude de información medioambiental para coñecer os valores das medicións de Cloro residual vertido no sistema de refrixeración de Reganosa que debe ser medido de forma CONTINUA, expresado en mgr/l. Estos datos debe conservalos a empresa promotora.

2. Reiteramos a solicitude de información medio ambiental para coñecer os valores das medicións da temperatura que deben ser tomadas de forma continua tanto na entrada como na saída do sistema de refrixeración e que debe conservalos a empresa promotora.

Estos parámetros por ser uns rexistros contínuos poden ser mostrados fácilmente a través dunha gráfica que inclua a totalidade dos resultados obtidos. Metodo imprescindible para poder verificar a oscilación térmica da auga que se produce en cada momento do proceso de regasificación.

Solicitamos as medicións correctas do cloro e temperatura dende novembro do 2007 ate o día de hoxe.

3. Solicitamos a Augas de Galicia que anule a autorización de vertidos de Reganosa polo reiterado incumplimento da Resolución de este organismo do 13 de Decembro do 2005.

Humberto Fidalgo Couce
Vicepresidente de ADEGA Delegación de Trasancos